



RÍO MIÑO EN OURENSE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 13 km
Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

Ruta urbana e periurbana, duns 13 km de percorrido, ben acondicionada e de doado camiñar, sen desniveis, versátil, con multitude de accesos que posibilitan o facela enteira ou por partes. Unha ruta que se pode facer só por

camiñar pero tamén por diferentes motivacións ou con distintas ideas e temáticas: a primeira metade, a máis próxima a cidade, pódese facer como a ruta das pontes nela podemos ver e visitar as pontes do Ribeiriño, do Milenio, a ponte Vella, a pasarela do centro comercial, a ponte Nova, a ponte do tren, a ponte do río Loña e a pasarela á praia de Oira, cada unha coas características representativas da época da súa construción, feitas en distintos materiais e con utilidades diferentes. 4,3 km circular desde a ponte do Milenio a pasarela de Oira e volta.

Unha segunda opción pode ser a ruta termal que partindo tamén da ponte do Milenio e pasando por debaixo da do Ribeiriño nos leva ao longo das diferentes surxencias, acondicionadas, que se atopan seguindo o curso do río. Pasamos primeiro pola Chavasqueira, máis adiante pola do Tinteiro, logo pola do Muíño da Veiga e por último pola de Outariz, cruzamos o río pola ponte peatonal e volvemos polo Paseo das Ninfas, onde atoparemos a fonte de Reza, ao punto de partida. Neste traxecto percorremos 9 km.

Tamén se pode facer para coñecer a vida do río e das súas marxes, nas que se atopa un amplo catálogo de especies arbóreas autóctonas e foráneas, silvestres, forestais e de xardín (contamos náis de corenta especies) e diferentes especies de aves sedentarias e visitantes en distintas épocas do ano; ou para coñecer os muíños de río coas súas estruturas adaptadas aos



O Miño na praia de Oira.



A Ponte Vella. De orixe romana e feita medieval.

Aceas no Miño (Ourense). A forma de proa de barco e a solidez da construción fai que resista o embate da corrente e as enchentas. Aproveita só o impulso da auga e depende do fluxo da corrente. Este tipo de muíños instálase en ríos de caudal abundante e corrente forte.



Garza real e corvo mariño, dúas aves que visitan o río entre o outono e a primavera.



Salgueiro (*Salix salviafolia*).



Panorámica de Ourense e o Miño desde a ponte do Milenio.

AS AUGAS TERMAIS

Na proximidade de Ourense, ao longo das fallas polas que corren os ríos, atópanse numerosas surxencias de augas termais que son aproveitadas para o baño (con fins lúdicos ou curativos) e como fonte de enerxía nas piscinas municipais.

Na beira do Miño atópanse as Burgas da Chabasqueira, O Tinteiro, a Burga do Muíño da Veiga, as Burgas de Outariz e a Fonte de Reza.

A presenza de augas termais débese a que existe unha infiltración de augas superficiais que chega a focos térmicos internos onde quecen para xurdiren logo chegando á superficie cunha temperatura superior á do ambiente.



A Chabasqueira. Unha das áreas lúdicas creadas arredor das surxencias termais ao pé do río Miño en Ourense.



Burgas do Muíño da Veiga



Burgas de Outariz.